



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O

DÍA

10 DE XULLO DE 2024

No salón de sesións do Concello de Pol, sendo as 13.30 horas do día 10 de xullo de 2024, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente de don Lino Rodríguez Ónega, reuníronse, en sesión pública, os señores e señoras concelleiros/as co obxecto de celebrar sesión extraordinaria.

### ASISTENTES

Alcalde-presidente

Don Lino Rodríguez Ónega

Concelleiros:

Don José Luis Ramudo Andión

Dona Marina Ramudo Graña,

Dona Ana Belén Seco Morado

Don César Valiña Irimia

Dona Sonia Cervantes Rivas

Don Enrique Rodríguez Rodríguez

Dona María Blanca Fernández Martínez

Non asiste sen excusa:

Dona Nicole Grueira Fernández

Secretaria da Corporación:

Dona María Rosa Antuña Carballés

A sesión desenvolveuse con arranxo á seguinte orde do día:

### 1.-Aprobación da acta da sesión anterior, do pleno extraordinario celebrado en data 20 de xuño de 2024.

Polo señor Alcalde-presidente pregúntase aos señores/as concelleiros/as se teñen algunha cuestión en relación a acta que se somete a aprobación.

Sometida a votación queda aprobada por unanimidade.

### 2.- Aprobación da Conta Xeral 2023.

Polo señor Alcalde- Presidente dáse conta ao Pleno da proposta da Alcaldía que di textualmente:





## “ PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

### **Asunto: Aprobación Conta Xeral 2023**

*Observado o informe emitido pola Secretaria – Interventora, en data 5 de xuño de 2024 no que se fai constar o procedemento a seguir para a elaboración da Conta Xeral, así como a lexislación aplicable. Procedeuse, pola Intervención Municipal, á formación da Conta Xeral desta Corporación correspondente ao exercicio económico 2023, xuntamente con toda a documentación anexa á mesma.*

*Reunida ao efecto a Comisión Especial de Contas do Concello, en sesión celebrada o 10 de xullo de 2024, ditaminou favorablemente a Conta Xeral referida ao exercicio orzamentario 2023. Así mesmo, dispuxo a súa exposición pública por un período de quince días hábiles.*

*En virtude da atribución recollida nos artigos 22.2 e) e i) da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local, propóñolle á Corporación Municipal en Pleno a adopción do seguinte acordo:*

**PRIMEIRO.** *Aprobar inicialmente a Conta Xeral do exercicio 2023.*

**SEGUNDO.** *Dispoñer a súa exposición pública por un prazo de 15 días hábiles, durante os cales, poderán presentarse reclamacións, reparos ou observacións, conforme ao disposto no 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.*

*Sometida a votación queda aprobada por seis votos a favor do (PSOE), e dúas abstencións (PP e BNG).”*

### **3. Dar conta dos decretos de Alcaldía de datas comprendidas entre 05/01/2024 ata 04/07/2024.**

En cumprimento do disposto no artigo 42 do RD 2568/1986, de 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación Municipal das resolucións adoptadas pola Alcaldía dende o 5 de xaneiro de 2024 ata o 4 de xullo de 2024, ambos inclusive.

O Pleno do Concello queda enterado.

### **4.- Moción do Grupo Municipal do Partido Popular relativa ao mal estado das estradas municipais**

O Grupo Municipal do Partido Popular de Pol, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede no vindeiro Pleno ordinario que celebre a corporación, a seguinte proposición:





## PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVA AO MAL ESTADO DAS ESTRADAS MUNICIPAIS.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As vías municipais do Concello de Pol atópanse nunha situación crítica de total abandono con gretas, cun firme deficiente e con grandes fochancas chegando a provocar en moitas delas a existencia de puntos casi intransitables e moi perigosos para os veciños. Os veciños vense obrigados a facer desprazamentos incómodos e perigosos.

O estado de deterioro no que se encontran supón un prexuízo notable para todos veciños e veciñas na súa rutina diaria, posto que non permite un tránsito efectivo e seguro de tractores, camións, turismos, transporte escolar, servizos médicos ou outros transportes.

A falta de mantemento e arranxo das estradas municipais é unha realidade que hai que revertir para garantirlle aos veciños unha rede viaria en condicións óptimas. Dende o Partido Popular de Pol levamos denunciando durante moito tempo esta situación de mal estado e insistindo en que se tomen todas as medidas necesarias para erradicar este problema. As estradas municipais son as principais vías de comunicación no Concello e son imprescindibles para o desprazamento dos veciños, polo que o seu abandono é totalmente inaceptable.

O Goberno municipal ten a responsabilidade de garantir unha circulación segura e fluída polas estradas de titularidade municipal, polo que é urxente que resolvan este problema, iniciando de inmediato as obras necesarias para mellorar as estradas propiedade do concello para garantir unha circulación correcta e así asegurar o benestar e a seguridade de todos os veciños. Estas obras deben incluír a reparación das estradas, limpeza dos arcéns e a corrección de calquera outro problema que poida afectar á circulación segura dos veciños.

Ademais, é importante que se realice un mantemento continuo das vías para evitar que se chegue a situacións tan críticas como as actuais no futuro.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular de Pol presenta esta moción coa seguinte:

### PROPOSTA DE ACORDO

O Pleno da Corporación insta ao equipo de goberno municipal a:

1. Iniciar de inmediato as obras de arranxo das vías municipais que se encontran en mal estado.
2. Invertir máis no mantemento das estradas municipais para garantir unha circulación segura aos veciños de Pol

Sometida a votación o resultado é seis votos en contra (PSOE), e dous a favor (PP e BNG).

### **4.- Rogos e preguntas.**

O Concelleiro do Partido Popular, Don Enrique Rodríguez Rodríguez, expón dúas cuestións:

- “Sobre o tema da piscina.”, ¿Cómo está a día de hoxe, 10 de xullo, e a previsión da apertura?”





Responde o Sr. Alcalde que *“cando ampliamos o pavillón tivemos que tirar o depósito que está previsto sobre o 20 de xullo ata 1 de agosto”*

*–“¿Cómo se permitiu acceso ás piscinas sen depuradora? Pregunta a portavoz do BNG.”*

Responde o Sr. Alcalde que *“non autoricei nada, nosoutros limpamos as piscinas, si se bañaron é problema de eles. Eu non vin a naide bañarse nas piscinas.”*

A segunda cuestión é un rogo do concelleiro do Partido Popular, *“que non pasen tantos meses desde un pleno ordinario a outro”*.

Responde o Sr Alcalde que *“non había secretario, e que sen secretario non se pode facer”*.

Acto seguido, comeza a quenda de preguntas da representante do BNG, Dona María Blanca Fernández Martínez:

*- “Unha pregunta que é fundamental ¿Cómo pensa resolver a débeda do Concello de Pol?”*

Responde o Sr Alcalde que *“non é fácil, iremos informando paulatinamente, porque o Concello non gasta os cartos, porque estamos gastando en obras que nos dan para inversión bastante diñeiro. Eu daba de baixa gran parte da Lei de Dependencia, e pagamos a luz que é unha salvaxada. A débeda iremos remitíndoa pouco a pouco, ata que non haxa un ingreso do Estado ou da Xunta de Galicia que nos ten acorralados e pasa en moitos concellos”*.

*–“¿Por qué non se recollen os plásticos despois de chamar os veciños para que se faga? Que hai unha familia que o pediu desde fai un ano”*.

Responde o Sr Alcalde que *“temos moito traballo e non dan feito, pero non tardan un ano”*.

*-A terceira pregunta é “¿Por qué a semana pasada non se recolleu o lixo na parroquia de Rioxoan?”*

Responde o Sr Alcalde que *“non se recolleu en Rioxoan ni os demais lados porque tivemos un problema co camiión, porque ademais vamos para Lugo, en vez do Punto de Limpo de Meira, efectivamente están cambiando algunha cousa e unha avaría no camiión”*

*–“Nos Decretos vin a compra do súper. O importe real da compra do super é de 75.000 euros, cantidade que se corresponde coa cancelación dunha hipoteca que tiñan os propietarios na Caixa Rural. Quero preguntar si esta operación está ben feita”*.

Responde o Sr. Alcalde que *“si as instalacións valen máis entón somos bos compradores. Pablo vendeu e nosoutros decidimos comprar. Non puxemos máis de 75.000 euros e ademais é do Concello. Non temos diñeiro do branco como para ter do negro, e compramos ese súper por esa cantidade e ademais é do concello”*.

*-A quinta pregunta é, “xa que se compraron esas instalacións a que se van a dedicar estas instalacións, ¿quen as vai xestionar, que se vai facer ?”*

Responde o Sr Alcalde que *“Eso aínda esta verde, non che poden contestar. Estamos traballando, xa o diremos no seu momento.”*





-A sexta pregunta, “¿cando se vai seguir tramitando o PXOM aprobado inicialmente o 29 de xullo de 2013 ósea fai 11 anos?”

Responde o Sr Alcalde, “pois mira está todo pendente, hai que facer memorias para enviarlles a Confederación, si damos preferencia a eso non lle damos preferencia as pistas”.

-A seguinte pregunta, “¿este verán o Concello de Pol vai dispor dunha carroceta de incendios?”

Responde o Sr Alcalde “e temos dúas, pero non hai xente, non podemos gastar cartos. A obrigación dos incendios é da Xunta”.

-“¿É verdade que van ofrecendo postos de traballo para o concello e que algunhas persoas os rexeitan pensando que igual non cobran?”

Resposta: “Nosoutros sacamos o letreiro e ven o que queira, e de momento cobran sempre, e mentras cobren non hai problema, e sempre cobraron. Si deixan de cobrar que non veñan.”

-“¿Cándo pensa facer algo ca casa da Lavada, que se iba a converter en un centro de interpretación, tantos proxectos que había, en que quedaron?”

Responde o Sr Alcalde, “porque sinos adicamos a poñer a carpa para festa, rozar Rioxoan, Gomesende, nos demais lados, as pistas, henos imposible, temos dez homes, estamos facendo o caseto da piscina, non damos feito, non somos dioses. Cando salga unha orde ao mellor invertemos dos fondos europeos. Pero mentras non salga, hai moitos fondos europeos pero tan por alá”.

-“¿Cando salga unha orden de que Lino?”

Resposta: “Cando salga unha orde para poder pedir cartos para amañala, daba para un centro etnográfico, ou unha biblioteca, ou vivendas. Pero é unha boa compra, ¿non tes interés?”

-“Ningunha, xa me chega a miña casa, nos temos a cabeciña donde hai que tela”. Responde a representante do BNG.

-A décima pregunta: “¿Quería saber como está o tema da biblioteca, cando vai abrir?”

Resposta: “Está en standby porque está de baixa a traballadora e non vou contratar outra.”

-“¿E a demanda que houbo ao concello era de ela porque non especificaba o nome.?”

Resposta: “Pode ser dos trienios que lle correspondían, por certo esa rapaza estivo contratada dous anos sen ter seguro, contratouna o anterior goberno.”

-A última pregunta: “¿Cando vas facer a residencia de deportistas de elite?”

Responde o Sr Alcalde que “vai haber algo, poñen pegas na subvención porque hai parte nova e parte non. E falta a financiación do 100%, é moi difícil, en vez de criticar podes vir un día a colaborar. O seu colega do BNG na Deputación díxome que teis que pedir na porta grande, moito deporte, moito tal pero cada un fai a política que quere e que lle convén, unhas apláudense e outras crítícanse.”





# CONCELLO DE POL (LUGO)

C.I.F. P-2704600B · R.E.L. 01270462

Plaza de Galicia, 1 · 27270 Mosteiro – Pol · Tel. 982 345 029 / 982 345 038 · Fax 982 345 330

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión, sendo as 13.48 horas do día sinalado ut supra, de todo o cal como Secretaria, dou fe.

